


O CANDIL

Setembro 1999

Nº 22



FERNANDO DE LA RÚA

UN ACHEGAMENTO Ó HOME E ÁS SÚAS RAÍCES

O monográfico que agora tendes na man trata de achegar ós alumnos, mestres e cidadáns a cara amable das nosas raíces na emigración, neste caso da Arxentina.

Queremos dar a coñecer, en palabras do alcalde de Bueu o día que o Pleno Municipal aprobou nomear ó Dr. Fernando de la Rúa “Fillo Adoptivo de Bueu” a unha *“persoa na que concorren as condicións e circunstancias dun neto de Bueu, orgulloso de selo e con clara reivindicación das súas raíces”*.

A familia De La Rúa ten a súa raizame co pobo de Bueu desde o século XVII e a súa sangue aínda percorre vilas de España e do continente americano.

Quixeramos que esta pequena introducción no mundo do exterior sexa un primeiro, aínda que tímido, achegamento ó mundo da emigración que esperamos poder abordar no futuro desde outros ámbitos, quizais menos amables.


As fontes documentais son múltiples e variadas abarcando desde os protocolos notariais de arquivos (sobre todo o Provincial e parroquial) ata a máis recente información dixitalizada dos xornais (*La Nación, Clarín, Gente...*), páxinas web arxentinas, pasando pola información directa, xulgados, etc.

Sinalar que por primeira vez O CANDIL sae en formato bilingüe (galego-español) en deferencia polo personaxe e en atención ós destinatarios do continente americano.

***“Venas percorridas pola historia
administran destinos moi lonxanos
tornan en singradura de memoria
co aval de democracia, sen tiranos”.***

Coordina:	Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran:	Benito Fernández Alonso X. Manuel Cerviño, Xosé L. Fdez. Aldegunde Rafael Rodríguez Fernández
Patrocina:	Dirección Xeral de Política Lingüística
Dep. Legal:	PO-2-96
ISSN :	1137-1994

BUEU (Pontevedra) s. XVII-XX



FERNANDO DE LA RÚA

Fernando de la Rúa é descendente de bueuenses na emigración o que por si só sería motivo máis que suficiente para que a revista o dera a coñecer un pouco máis entre nós. Pero na súa figura concorren outras razóns engadidas que nos animan a ofrecer un monográfico onde haxa unha pequena recompilación biográfica na que nos acheguemos ó home, a súa familia, a súa traxectoria educativa, política e ata a súa historia familiar.

Cremos que o mellor xeito de iniciar un percorrido polo sentir e o ser de D. Fernando de la Rúa é lembrar as verbas que dixo¹ o martes 19 de setembro de 1995, nunha visita institucional ó Centro Galego de Bos Aires:

"É unha testemuña da forza puxante da inmigración galega, que veu a impulsar o desenvolvemento do noso país. Galega e española en xeral, porque o Centro está aberto. E como dicía o Presidente, eu síntome orgulloso tamén, de ver que os galegos foron, fomos capaces de facer cousas tan boas como esta (refírese ó Centro Galego). Antonte, revisando un libro sobre España, atopaba no mapa a localización de Bueu, onde naceu meu avó. Eu confundíame, porque fora a Vigo a visitar a miña tía, e desde alí marchei cara a Bueu. Entón pensaba que estaba na zona de Vigo, e non é así, ten razón, é en Pontevedra. É un lugar lindísimo, un lugar de pescadores, de bastante actividade. E alí atopei, cando viaxei, os rastros de meu bisavó, Don Simón de la Rúa, que había estudiado en Santiago de Compostela e que había deixado alí moitos recordos, ademais de moitos fillos. Meu avó, xunto co seu irmán viñeron moi xoves, tiñan quince ou dezaseis anos. E fíxese esas cousas, fóronse ambos a Santiago de Estero. Alí quedou D. Ramón, que fundou unha familia moi coñecida e importante en Santiago. E meu avó veuse para Córdoba, a pouco de nacer meu pai, que chegou a Córdoba tendo a penas un ano de idade. Así que é certo, corre por min sangue galego da mellor calidade. Xunto co sangue italiana, que é a mestura que fai realidade o noso país, a síntese da nosa raza".

Efectivamente, D. Manuel de la Rúa chega a Santiago de Estero (Arxentina), arredor de 1880, como tantos outros galegos buscando un lugar onde realizarse mellor. Alí funda unha familia da que nace Antonio de la Rúa. Pasa a vivir en Córdoba (Arxentina) onde Antonio de la Rúa faise avogado e chega a ser ministro do gobernador Amadeo Sabatini e mesmo, presidente do Superior Tribunal de Xustiza. D. Antonio de la Rúa casa coa ascendente italiana Doña Eleonora Bruno² e teñen dous fillos: FERNANDO (15-9-1937) e JORGE de la Rúa.

¹ Contestándolle o discurso de benvinda do Presidente do Centro Galego. Toda a cita está recollida da revista Galicia do Centro Galego de Bos Aires. Ano LXXXII-nº 668. Outubro-décembro de 1995. Páx. 46.

² Falecida recentemente (finais de xullo). Desde aquí o noso máis sentido pésame.

Os seus estudos e labor docente

Fernando de la Rúa, fixo de forma moi brillante, os seus estudos primarios, secundarios (Liceo General Paz) e universitarios na súa cidade, Córdoba. Seguindo os pasos de seu pai gradúase de avogado, ós 21 anos, con medalla de ouro na Universidade Nacional de Córdoba. O seu doutoramento foi, na mesma universidade, coa tese "*Recurso de Casación no Dereito Positivo Arxentino*". Como complemento á súa sólida formación hai que lembrarse dos seus estudos de posgrao en México e Italia.

Desde o mesmo ano, 1958, de rematada a carreira de avogado iníciase na docencia universitaria como profesor de Dereito Procesal nas universidades de Córdoba, Bos Aires (onde chega a Director do Departamento de Dereito Procesal e Práctica Forense) e da Católica Arxentina.

Froito do traballo e investigación docente son as conferencias dictadas en Estados Unidos, Venezuela... e os seus libros e publicacións como: "El Recurso de Casación", "Jurisdicción y Administración", "Proceso y Justicia", "Teoría General del Proceso", etc. A súa valía académica fai que sexa nomeado membro do Instituto



Iberoamericano de Dereito Procesal, do Centro de Estudios Procesais de Bos Aires e do Instituto Colombiano de Dereito Procesal (1982), así como no ano 1990 é nomeado Académico Correspondente na Academia de Dereito e Ciencias Sociais de Córdoba, a súa cidade natal.

No seu posterior percorrido polo eido da política en ningún momento esquecerá a súa relación co mundo das aulas e da Educación en xeral o que, entre outros, lle fai integrarse (1980) no Congreso Nacional de Educación e Cultura da Unión Cívica Radical (partido no que milita) ou crea (1982) o Centro de Estudios para a República que na actualidade funciona como Fundación de estudos sobre temas políticos vinculados á cidade de Bos Aires.



Familia De la Rúa durante unha misa. De esquerda a dereita: Antonio, Fernando, Agustina, Inés Pertiné e D. Fernando De la Rúa

En familia

D. Fernando de la Rúa Bruno contrae (1970) matrimonio con Inés Pertiné da que ten tres fillos:

Agustina, que ten unha fermosa rapaza. Sol Petrachi, que así se chama a neta de D. Fernando, é a que leva a ledicia á casa dos De la Rúa. Proba disto é que, "segundo os que máis o coñecen, logra transformar a súa fría personalidade en pura tenrura".



De la Rúa coa súa neta Sol

Os dous fillos Antonio e Fernando, estudaron no colexio Champagnat, seguen na actualidade os pasos do seu avó Antonio e do seu pai Fernando, pois ambos os dous están a estudar a carreira de dereito na universidade de Bos Aires.

Antonio, de 24 anos, comparte co seu pai o gusto pola política (xa é dirixente da Unión Cívica Radical da capital bonaerense). Definido pola revista *Gente* como o máis deportista dos irmáns gustándolle o fútbol, golf e paddle que practica na súa quinta 'La Esperanza' que teñen en Pilar.

Fernando, de 22 anos, é amante da música e os seus artistas e conxuntos favoritos son: Charly García, Fito Páez, os Rolling Stones e Phil Collins.

A familia segue moi de cerca tódolos pasos de D. Fernando polo que non é raro mirar a este pola rúa, en actividades lúdica ou en actos oficiais na compañía da súa muller e fillos.



De la Rúa, súa muller e fillos cos Rolling Stones

Para dar unha idea da personalidade da súa dona Inés Pertiné, así como do apoio humano que da ó seu marido poñemos unha parte da entrevista a *Gente* na festa dos *Radicais* na que se coñecía o seu triunfo nas internas que lle poñía en primeira liña de cara as presidenciais de 1999:

-...candidata a Primeira Dama.

-*Aínda falta moito para iso. Nin sequera o penso. Ademais, como sempre o acompañei en política, para min vai a ser igual...*

-¿Que fai para evita-la presión política?

-*Ioga. Tamén camiñadas que me fan sentir moi ben.*

-¿Con que se viste?

-*Coa miña prima. Ten unha casa de roupa que se chama L&U. A min encántame o estilo Armani: sobrio e elegante.*

-¿Que comparte con Fernando?

-*Escoitar música. Gústame Frank Sinatra e os boleros. Son moi romántica.... ¿Pero sabe unha cousa? Fernando enganoume...*

-¿Cre que algunha vez Fernando a enganou?

-Si, enganoume.

-...

-*Non se asuste. É que eu caseime cun avogado, profesor de Dereito Procesal, que tiña un estudio na época na que había democracia, e ó pouco tempo meteuse nisto (na política).*

Cando fala do ánimo da súa familia ante os problemas derivados de ser un home político, D. Fernando di¹:

"Eles son moi fortes. Acompáñanme na función pública porque comparten meus principios e ideais".

Pero que é o que lle gusta, cales son as súas afeccións de Don Fernando. El mesmo nolo contesta coas seguintes verbas:

*"Entre os meus pasatempos atópanse as plantas e as aves, a natureza e o relaciona-
do con ela, o ceo e o tempo. Gústame ler, coñecer e saber sobre estes temas. Son
adepto á lectura e ás conversacións de temas alleos á política, gozo do diálogo es-
pontáneo coa xente e cos amigos de toda a miña vida".*

Fernando de la Rúa é un home de fondas conviccións relixiosas e cristián profundo.



Escena familiar xunto a súa dona e fillo Fernando. Foto: R.P.



Antonio e Fernando festexando o triunfo electoral do seu pai.

¹ Revista *Gente*. Artigo de Beto Casella e outros. Fotos: Jorge Bosch e outros.

En canto as súas preferencias deportivas, como afeccionado, é do Boca Júniors, senón fíxense que á espera dos resultados das eleccións que tivo que enfrontar no novembro pasado, coincidiu que o Boca se xogaba o título na *Bombonera* e Fernando de la Rúa constantemente preguntaba como ía o resultado do partido. Na rolda de prensa celebrada para recoñecer a súa victoria nas urnas tamén festexou a do Boca volteando unha camiseta azul e ouro (cores do seu equipo).



Que De la Rúa é un home de primeira liña na Arxentina non hai dúbida, non só rexindo os destinos de moita xente senón acaparando a atención coma persoa e como político. Non é estraño ver case que a diario, na prensa nacional e local, algún comentario sobre a súa xestión, os actos, entrevistas, Pero aparecen tamén opinións que definen a Fernando de la Rúa, no persoal e no público. Vexamos algúns exemplos:



Como persoa e como político *"pongo las manos en el fuego por Fernando"*¹

"De la Rúa es como un banco suízo, correcto, tranquilo".
(Mariano Grondona, xornalista).

*"Os empresarios miran equilibrio e experiencia en De la Rúa: A imaxe de equilibrio e moderación que mostra en público o flamante candidato a presidente pola Alianza, Fernando de la Rúa, é a mellor arma que posúe para convencer ó empresariado de que sería un bo presidente". Unha alta fonte da Unión Industrial Arxentina (UIA) asegurou que: "De la Rúa danos un marco de previsibilidade maior, era de esperar que gañara el. Ten unha xestión política por detrás"*².

A igrexa tamén expresa a súa opinión, como así o fixo monseñor Alejandro Buccolini, bispo de Río Gallegos, lle desexou ó presidencial polo radicalismo, Fernando de la Rúa, un "triumfo", primeiro nas eleccións internas da Alianza e expresoulle a súa esperanza por que teña un "buen período" como xefe de Estado no caso de impoñerse nos comicios xenerais de 1999, *"porque trabajamos con la misma comunidad. Aunque mantenemos ángulos distintos, son complementarios"*.

E para rematar a longa lista de eloxios quedámonos coa pronunciada polo presidente do Centro Galego de Bos Aires, Dr. Alberto Adrio³, cando di que cando se fala da *"personalidade de Fernando de la Rúa atopámonos o que é un común denominador da súa vida, que é a súa tremenda honestidade, a súa tremenda vocación de servizo e o seu desexo de servir ós concidadáns."*

¹ Súa nai, Eleonora Bruno, a *La Nación* en agosto de 1996 cando asumiu a Xefatura do Goberno da Capital.

² *La Nación*. 2-12-1998.

³ Na presentación nunha visita ó Centro Galego de Bos Aires, o 19 de setembro de 1995. Na revista *Galicie*, nº 668 Outubro-décembro de 1995, páx. 46. Arxentina.

O home político



O seu labor como home de ciencia e de estado é recoñecido dentro e fora do país así o testemuñan os premios e condecoracións recibidas.

A modo de exemplo citaremos as condecoracións dos gobernos de Perú, Xapón, Italia e Arabia Saudita, o Diploma ó Mérito obtido na disciplina 'Lexisladores' dos Premios Konex-1988, e un longo etcétera

que dan testemuñas de que Fernando de La Rúa é unha persoa coñecida, valorada e respectada non só na vida social e política arxentina senón tamén en tódolos países que dalgún xeito teñen lazos con Iberoamérica.

A súa carreira política iníciase moi mozo¹ nas filas da Unión Cívica Radical e xa, entre 1963 e 1966, forma parte como xefe de asesores, do gabinete do Ministerio do Interior no Goberno Constitucional de Arturo Illia.

O ano 1973 representa na vida de D. Fernando de la Rúa un lanzamento ó cumio da política ó ser elixido Senador pola Capital Federal (do 15-4-73 ata o 24-3-76); e en setembro dese mesmo ano ser nomeado candidato á vicepresidencia da Nación como compañeiro de Ricardo Balbín enfrontados ó matrimonio Juan Perón - Isabel Perón.



En 1983 foi nomeado, por un sector da UCR, precandidato a Presidente da Nación; nas internas enfrontouse ó que logo sería presidente, Raúl Alfonsín. E, en outubro deste mesmo ano, foi elixido, unha vez máis, Senador pola Capital Federal (co 62% dos votos).

En 1989 é candidato á reelección como Senador pola UCR na Capital Federal.

No 1991 é proclamado "Presidente do Comité da Capital Federal da Unión Cívica Radical" e primeiro candidato a Deputado Nacional. En outubro deste mesmo ano foi elixido Deputado Nacional (1991-92) e logo designado Presidente do Bloque de Deputados Nacionais da UCR.

No ano 1992 é elixido novamente como Senador para o período 1992-2001, co 52% dos sufraxios.

Gañadas as eleccións o 30-6-1996, foi nomeado (6-8-96) Xefe do Goberno da Cidade de Bos Aires, mandato que ostenta na actualidade. Lembrar que nos máis de catrocentos anos de historia de Bos Aires foi o primeiro intendente electo.

ALIANZA

Sería De la Rúa (1997) o que contribuíu de xeito fundamental², a constituí-la a "Alianza para el Trabajo,



Saúdo de De la Rúa, fronte ó Cabildo, como intendente da cidade de Bos Aires.

¹ De aí lle ven o alcume de "Chupete".

² *La Voz del Interior*. Córdoba 17-8-1997.

la Justicia y la Educación" ó promove-lo achegamento entre o ex presidente Raúl Alfonsín e o deputado Carlos 'Cacho' Álvarez. Alianza que aparece como coalición electoral, ante o nemismo, entre a UCR e o FREPASO¹ como forzas máis relevantes².

Foi 1998 o ano no que De la Rúa, tras loitar, nas Internas da Alianza, coa frepasista Graciela Fernández Meijide, gaña estas cun amplo marxe (63%) que o catapultan cara os primeiros postos para a carreira presidencial do 1999.

Na súa campaña fala dun *novo camiño*: "Eu falo do novo camiño. Defenderei a estabilidade, pero fará falta estabilidade fiscal para que o



De la Rúa

Fernández Meijide

sector privado poida programar a inversión. Falo dun novo camiño

porque crecimiento económico e desenrolo social deben de ir da man. Os estudios internacionais demostran que os países que medran realmente son os que teñen desenrolo".³

Ante a pregunta do xornalista⁴ de ¿por que hai que votalo a vostede? A súa resposta foi rápida: "Porque son a forza segura para facelo cambio en serio que o país necesita. E porque podo volcar a miña experiencia, baseada sobre o meu traballo parlamentario, ó servicio do país. Ademais, teño a experiencia do Gobierno da Cidade: conducino nunha situación económico-financiera difícil, melloramos os servicios e aplicamos un criterio de goberno de participación e transparencia. Quero volcar todo isto ó servicio da Arxentina. É fundamental manexa-los recursos de xeito transparente e rigoroso para xerar aforros que poidan recaer sobre a xente".

Máis se queremos coñecer como pensa, cales son as súas inquiredanzas de ser gañador das presidenciais podemos ollar nalgúñas respostas ó periodista de La Nación ante os temas claves para a sociedade arxentina:

- **Corrupción** A miña proposta é a creación dun fiscal especial, segundo o proxecto que elaboramos xuntos co deputado nacional Rodolfo Terragno. Crearíase un organismo especializado, independente, que se ocupe dos feitos de corrupción administrativa.
- **Desemprego** Será un dos obxectivos principais da miña xestión de goberno: mellorarémo-la educación. Imos a implantar programas como "Adultos 2000", posto en marcha na cidade. Tamén daremos créditos a micro e pequenos emprendedores. Principalmente, imos a alentar o desenvolvemento das economías rexionais e acompañar ás Pemes.
- **Docentes e reforma educativa** Ningunha reforma educativa debere axustarse a un calendario, senón ser parte dun proceso histórico. O compromiso dos docentes e as comunidades educativas serán fundamentais para logra-la reforma. Traballaremos para recuperar o papel que históricamente tiveron ós docentes no soamente desde o punto de vista salarial, senón ofrecendo unha actualización e perfeccionamento docente constante que apunte a logra-la mellor calidade educativa. Sen docentes comprometidos non hai reforma posible.



Saúdo de Fernando De la Rúa e Graciela Fernandez recoñecendo a vitoria do primeiro e dando imaxe de unidade da Alianza.

¹ Frente Pais Solidario (FREPASO) : As súas raíces están (1989) no chamado 'Grupo dos oito' ("Cacho" Álvarez, F. Caviglia,...) que, ante o xiro neoconservador do goberno xusticialista, comezaron a expresar as súas disidencias; e no grupo 'Humanismo e Liberación' (esgazado da 'Democracia Cristiana') liderado por Auyero, Villalba e Bellomo. Mais non será ata decembro de 1994 onde se concretou a creación do FREPASO, integrado nun primeiro momento por: 'Frente Grande', 'Política Abierta para la Integridad Social' (PAIS), 'Unidad Socialista' e 'Democracia Cristiana' ós que se lle xuntou 'Nuevo Espacio' (que viñan das filas de UCR) e Partido Socialista Popular (PSP).

² No futuro é posible que ás forzas actuais se lle engadan outras como a "Nueva Dirigencia" que lidera Gustavo Beliz

³ Revista Gente, 1998.

⁴ Miguel Braillard de Gente, 1998.

- **Seguridade** É tamén unha cuestión de Estado, ó igual que a saúde e a educación. Ó ter cada provincia policía propia, o goberno nacional debe coordinar accións que axuden a súa efectividade.
- **Xustiza** Chegou a hora do compromiso coa lei. De crear confianza na Xustiza que o menemismo deteriorou, co aumento dos xuíces da Corte e a manipulación de maxistrados. Meu goberno será o goberno da lei, o da calidade institucional. As normas cumpriranse. A Xustiza funcionará con independencia e eficacia.
- **Dereitos humanos / Lei da Verdade** O noso deber primeiro está coa xente, porque ese é o sentimento humanista, profundo, da nosa concepción cívica. Como lexislador traballarei pola liberdade e está vixente a lei de hábeas corpus, e logrei que se sancionaran leis tan importantes como a que vai contra da discriminación das persoas. Desde o goberno nacional crearemos programas específicos para atender e protexe-la infancia, as mulleres e a ancianidade.
- **Política exterior** Debemos fortalecer o Mercosur e mirar máis cara Europa. En canto os Estados Unidos, paréceme que hai que revisa-lo actual concepto del aliñamento automático que mantén o Goberno. Respecto das Malvinas, miña posición é que este histórico e sensible reclamo se plante-xe como unha cuestión de Estado (ó igual que a nosa relación coa Gran Bretaña), fora de disputas entre partidos, para ter unha posición unificada como país. Reitero que nun futuro goberno establecerei que así sexa levado un tema que é de todos.

.....

Toda a declaración foi como un preludio do que agora, na campaña pola presidencia, se plasmou nun "*Contrato coa sociedade*" (coñecido como 'EL GRAN CAMBIO') por parte da Alianza que el mesmo lidera.

Nesa carreira maratoniana, con meta no 24 de outubro, De La Rúa mantense desde ca-seque o inicio en cabeza de carreira, así o dan a entender non só as enquisas con rigor científico senón tamén os coñecidos como "televotos". A modo de exemplo dunhas e outras nos últimos meses¹:

Data	Realiza	Porcentaxes	
		DE LA RÚA	DUHALDE
3-5-1999	GALLUP	39 %	38%
15-5-1999	MORA Y ARAUJO	34 %	38 %
15-5-1999	Sondeo en "Hora Clave"	61 %	39 %
30-6-1999	GALLUP	36 %	31 %
24-7-1999	MORA Y ARAUJO	45 %	32 %
6-8-1999	GALLUP	49 %	35 %
3-9-1999	MORA Y ARAUJO	48 %	29 %
18-9-1999	MORA Y ARAUJO	45 %	26 %

Tendo en conta os datos anteriores e o valor en alza que representa De La Rúa xa o vemos, a partires do 10 de decembro, rexendo os destinos dunha nación irmá. Esperamos e desexámoslle como descendente deste pobo de Bueu o mellor para a súa nación e que eses 6 compromisos (*Pleno emprego, Igualdade de oportunidades, Mellora-la educación, A saúde como dereito, Un estado sen corrupción e Unha comunidade sen medos*) sexan o compás que lle marque o norte no seu mandato.

¹ Datos extractados ó longo da campaña do xornal LA NACIÓN. Ó nesgo ven dado, entre outros, pola interpretación e pola mestura das enquisas.

Para rematar esta primeira parte cedémoslle a palabra a Don Fernando de la Rúa para que nos amose a súa *MENSAXE PERSOAL*, dirixida o seu pobo arxentino, e que o través das ondas espalla polo mundo

Amigos:

Coñecémonos. Fai anos que veño traballando para construír unha Arxentina mellor. Quero proxectar ese compromiso cara o futuro.

Hoxe, loitar por unha Arxentina mellor significa traballar con criterios de equidade, con transparencia e sensatez. Significa coida-la estabilidade, que é un ben de todos, e asegurar unha xusta distribución dos beneficios. Traballar por unha Arxentina mellor significa poñer en marcha a produción para xerar traballo e benestar.

Coñezo os problemas deste país e coñezo o camiño para saír adiante. Por iso, quero ser Presidente. Para poñer o meu esforzo de sempre ó servizo de todos. Para crear un lazo de confianza entre os arxentinos, unha Alianza de todos a favor de todos: a Alianza dos Arxentinos.

Fernando de la Rúa




ANTECEDENTES HISTÓRICOS DE D. FERNANDO DE LA RÚA

O apelido DE LA RÚA aparece documentalmente ligado á vila de Bueu (Pontevedra) xa a mediados do século XVII con D. FERNANDO DE LA RÚA Y FREIRE e con el, seus familiares máis próximos.

D. Fernando de la Rúa Freire y Andrade:

A procedencia dos apelidos De la Rúa Freire y Andrade, en Bueu, non está debidamente documentada, aínda que si é de reseñar que a casa matriz, a torre dos condes de Andrade, localízase en Pontedeume (A Coruña)¹.



Sinatura de D. Fernando de la Rúa

É o 29 de setembro de 1657² cando a sinatura de D. Fernando de la Rúa Freire, como cura-rector da Parroquia de Bueu, aparece por primeira vez "tomando las cuentas" ós mordomos³ encargados da parroquia.

Mais non será ata o 17 de maio de 1668, cando Don Joseph Andiano, cóengo arcediano, visite a igrexa de San Martiño de Bueu recoñecéndoo por rector ó Comisario D. Fernando de la Rúa Freire.

A súa pegada persoal quedou patente nas pedras das súas casas, pazos ou ermidas (Sta Cruz, Stos. Reis,...), en fundacións (Capelas de S. Xosé, Obra Pia de Orfas) e nos múltiples documentos notariais nos que se reflicten unha intensa vida mercantil (merca, presta, avala,...).

A modo de resumo, faremos unha transcripción da documentación adxunta do Libro de Fábrica de 1737-1824 da Parroquia de San Martín de Bueu (Pontevedra) na que se nomea e relacionan fundacións feitas por D. Fernando de la Rúa y Freire:

Capelas do S. Joseph. e Sta. Cruz:

"Visitó su ilma. la Capilla de San Joseph que está en el Colateral del evangelio fundada por Dn Fernando de la Rúa con cuatro misas tres rezada y una cantada el dia del Sant. Y visitó a simismo la Hermita de Sta Cruz que fundo el sobredho con trece misas rezadas y tres cantadas en dias se alados que todas estan a cargo de D. Joseph de la Rúa, que certificó el cura aver cumplido con las de la Capilla de S. Joseph y con las tres cantadas, y con las otras trece rezadas lo hizo D. Pedro de la Rúa, presbitero."

¹ Xa tiñan pertenzas nese concello en 1150, máis non sería ata o ano 1543 cando recibiran o título de condado.

² No Libro de Fábrica da Parroquia de San Martín de Bueu (1651-1716)

³ Xestores-contables da parroquia.

Capelas dos Stos.Reis:

"Halló tambien su Alma. que en los términos de esta feligresia fundó otra ermita de los Stos. Reyes D. Fernando de la Rúa y en ella una Capilla Colativa con 24 misas anuales que se haran de decir por el Capellan y dos cantadas por el cura en el dia de los Stos. Reies y Ascensión del Señor con lo que certifico tener cumplido y lo mismo hizo D. Lucas Jph de la Rúa capellan de dha capellania."

Obra Pía de Orfas:

"Dn. Fernando de la Rúa hizo una fundación en el año de seiscientos y ochenta y dos (1.682) para dotar una huefana todos los años en 26 ducados, de la que es patrono D. JPH de la Rúa, quien hizo constar de su cumplimiento por el libro que eximió, en donde se puso el auto correspondiente."

Pazo de Santa Cruz en Bueu (Pontevedra):



Dúas épocas do Pazo de St^a Cruz

O pazo de Santa Cruz, que xa posuía en 1659, describíase no testamento de D. Fernando de la Rúa como:

"...=Coma y hes propio propio de dcho otorgt^e fundador y vienes suyos, comprados y adque-
ridos y que tiene enesta dcha fr^a de Bueu yqueabaxo iran señalados y son principalmente

=Casa de Santa Crus, con sus corredores, solainas, casas de lagar y lagareta, caballerizas, granxa, fuente, palomar. Y lo a ella anexa, segun hesta sircundado..."

[illegible]

 Transcripción literal de parte do testamento no que crea o vínculo de tódolos seus bens de 1682 (esquerda) onde fai referencia á Casa de Santa Cruz e outras pertenzas do abade de Bueu Don Fernando de la Rúa

O pazo tamén coñecido como de "Quitapesares" atópase no alto do lugar da Carrasqueira desde onde se pode contemplar os seus pés o pobo de Bueu.

Hai dous escudos que sinalan a pertenza do pazo a un comisario do Stº Oficio, os apelidos ilustres como Freire, Rúa, Andrade, ... e ós Pimentel.

Nun dos patios do pazo hai unha capela fundada por D. Fernando de la Rúa Freire no ano de 1671¹.

No mesmo documento de fundación da capela e na información recollida nas distintas visitas realizadas á freguesía de Bueu, polo Arcebispado de Santiago e anotada no Libro de Fábrica da parroquia², sabemos que fora fundada dentro do solar da granxa da Ra Morta (antiga denominación do pazo, cando este pasou a propiedade do referido abade), cunha advocación á Santísima Cruz e a Nosa Señora da Soidade. Xa construída na data de fundación, cun retablo de madeira dourado, na súa capela maior gardaba as imaxes do Noso Señor Xesucristo descendido da Santísima Cruz e a imaxe da Soidade ó seu pé. O sinxelo feito de non cita-la cruz de ébano e marfil, existente na actualidade no altar maior, debe facernos supor unha menor antigüidade dela³.

Familia De la Rúa:

Aínda que D. Fernando é un dos fundadores máis citado da saga, é arredor da súa familia (irmáns, sobriños,...) onde se vertebrou a nobreza fidalga da comarca nos séculos XVIII-XIX.

É no ano 1663 cando aparece documentado o primeiro dos familiares próximos; neste caso D. Marcos de la Rúa Freire (pai de D. Fernando) que está nomeado entre os veciños que asisten ó control das contas da igrexa. Na Información de limpeza de sangue de Fernando Antonio de la Rúa Freire⁴ aparecen referenciados os pais do abade Don Fernando de la Rúa (Marcos de la Rúa e María González), a súa irmá Dominga e o seu cuñado Domingo⁵. Do mesmo ano é a carta de fundación do morgado onde se relacionan tódalas pertenzas de Fernando de la Rúa (1682) no que aparece outra irmá, Margarita de la Rúa (á que deixa, entre outros, os seus bens en Raxó (Pontevedra)), e os seus fillos José Antonio de la Rúa Freire⁶ e Baltasar Melchor de la Rúa Freire (nado en 1679 e que herda unha grande parte do seu patrimonio) así como outros familiares: María, Josefa e Teresa de la Rúa e Freire.

No ano 1686, Fernando de la Rúa dota⁷ a unha sobriña súa, M^a Josefa (filla da súa irmá Dominga de la Rúa e de Domingo Martinez) que ía casar co veciño de Coiro Martín de Boubeta (fillo de Martín Boubeta Romai e Margarita Fernández, entroncados coa familia Romai do pazo de Cadrelo no concello de Marín).

Reseñar que por estas datas moitos dos parentes (curmáns, sobriños,..) son clérigos tonsurados que se fan cargo das capelanías das fundacións da familia (D. Lucas José de la Rúa, D. Pedro de la Rúa, Teodoro de la Rúa,...).

¹ O escribán Domingo Freire de la Torre, veciño de Santa María de Cela, recolle en protocolo do ano 1671 a Fundación da capela. Arquivo Histórico Provincial, 1063 (1), fol. 102 e ss.

² Libros de Fábrica da Igrexa Parroquial de Bueu, ano 1656 e 1747. Arquivo Parroquial.

³ Xosé Manuel Cerviño, *Pontenova nº 3: "As festas dos mozos na parroquia de Bueu"*. Deputación P.de Pontevedra.

⁴ Sobriño de D. Fernando de la Rúa.

⁵ Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela. Sección Ordenes. Carpeta 550. Documento 52. Ano 1682.

⁶ Tido antes de ser tonsurado. O mesmo José Antonio responde como tal nunha notificación notarial o 7-1-1699. Fonte: Arquivo Diocesano. Fondo Xeral. Serie Preitos.


⁷ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Secc. Protocolos. Ca- 3247(2). Escribán: Bernardo de Barros, páx. 26

A continuación faremos un breve comentario dos persoeiros de maior interese na liña directa de D. Fernando de la Rúa Bruno.

D. José Antonio de la Rúa Freire:

D. José Antonio de la Rúa Freire (capitán) é señor do pazo de St^a Cruz, emparenta coa casa dos Bermudez de Castro e Modragón ó casar con Dna María Jacinta Bermudez de Castro e Mondragón.

É con este matrimonio co que a familia de la Rúa vai a emparentar cos Bermudez de Castro da casa de Gondar, Aldán, Moraña,... (fundada por D. Luís de Aldao y Bermudez de Castro en tempos do rei Carlos V) e coa rama dos Mondragón¹.



Sinatura de José de La Rúa Freire

Una das súas fillas, Josepha M^a De La Rúa Bermudez De Castro y Mondragón casa con Manuel José Aldao y Taboada Balanzategui (Sr. da casa do Pracer- Cela). Unidos ós Modragón e Aldao, a Casa de Santa Cruz (os De la Rúa) emparéntanse coas nobres Casas dos Rivadulla e Monteleón. Seguindo esta liña, e xa no século XVIII, Juana de la Rúa Aldao e Mondragón casa con D. Casimiro Antonio Pimentel e Sotomayor (Rexedor Perpetuo de Santiago de Compostela e segundón da Casa Pimentel) apelido que irá ligado co pazo hasta mediados do século XX que é vendido á Familia Bescansa e máis recentemente ao seu actual propietario, o empresario madrileño, Germán Gervás.

D. Benito Antonio de la Rúa Freire Bermúdez:

D. Benito de la Rúa Freire Bermudez (fillo de Jose A. de la Rúa Freire e M^a Jacinta Bermúdez) herdeiro, con Baltasar, de tódolos vínculos dos De la Rúa. Dono e señor do Pazo de Sta. Cruz e do pazo de Ouril (Beluso). Casa con Melchora Pimentel da que ten a Melchora e José Benito. En segundas nupcias casa con Josefa Villarprego e Montenegro da Casa de Rodeira (Cangas). Da súa numerosa prole destacar a Dna Teresa de la Rúa Villarprego que, dos seus dous matrimonios², non ten herdeiros e os seus bens (pazo e casa da Brea da Pela (Seixo-Marín) e Sta Cruz con vínculos e morgados anexos) pasan á súa sobriña Juana Luisa De La Rúa Aldao e Taboada Mondragón (filla de José Benito De La Rúa e Josefa Aldao Taboada da casa do Pracer de Cela). Mentres que o señorío de Ouril pasa a D. Antonio Alonso de la Rúa y Villarprego.

¹ Apelido que se introduciu en Galicia gracias un cóengo catedralicio, vencellado familiarmente á localidade de Mondragón (Guipúscoa) entroncando coas máis importantes casas do pais galego e "dieron lugar a un linaje importantísimo desde mediados del siglo XVI, que sembró de escudos muchos pazos, iglesias y capillas, fundó notables mayorazgos, alcanzó Títulos del Reino, y perdura en la estimación y en los hechos ilustres de nuestros coterráneos". José Santiago Crespo en *Blasones y linajes de Galicia*, páx 311,

² O primeiro con Pedro Mexia, Rexedor Perpetuo de Vigo e o segundo con Isidro Avila y la Cueva.

D. Antonio Alonso de la Rúa y Villarprego:

D. Antonio Alonso De La Rúa y Villarprego nado o 18-11-1732 e falecido o 30-10-1811, empadroouse como nobre no ano 1793.

Polo matrimonio de D. Antonio Alonso de la Rúa con M^a Josefa Cadavid y Sala (de St^a Cristina de Cobres) emparenta coa familia fidalga pontevedresa dos Cadavid dos que algúns dos seus membros (como o seu sogro D. José Alonso Cadavid y Arias de Godoy) foron rexidores perpetuos da cidade de Pontevedra.

D^a M^a Josefa Cadavid



Sinatura de Josefa Cadavid

Cunha dote de 32.000 reais de vellón viven como señores do pazo de Ouril o que ampliaron e chegaron a construírle un anexo destinado a Capela, que nunca tivo uso.

Moitos son os seus fillos (10) entre os que destacaremos a:

Alejandro Francisco Mariano de St. Teresa de la Rúa (nado o 8-8-1785) que foi Alférez de fragata e se censou como nobre en Beluso no s. XIX.

Ignacio Antonio Gil Reimundo del Carmen de la Rúa (nado o 4-9-1787) En 1806 realizaba estudos eclesiásticos. Foi Alférez do II Batallón de Rivero en 1811 e logo prisioneiro en Francia.

Serafín Antonio de la Rúa Cadete no rexemento do conde de Pregue.

Manuel Antonio de la Rúa Cadavid:

Fillo de D. Antonio Alonso de la Rúa e M^a Josefa Cadavid y Sala, herda o pazo de Ouril. Casa en primeiras nupcias (28-9-1837) con Agustina de Castro Patiño da que quedou viúvo logo. Casou no 1839 coa, tamén viúva, Josefa Agulla Solabarrieta (Marín 1816/+5-3-1898).

Con este segundo matrimonio entronca De la Rúa coa rama dos Agulla e Solabarrieta. Son os Agulla persoas influentes¹ e de antigo en Bueu². Tanto Matías Agulla como o seu fillo Miguel³, son patróns das artes de pesca denominadas xávegas onde o seu liderado vese referendado en que a finais do s. XVIII encabezan as reivindicacións⁴ dos mariñeiros que se negaban a paga-los "décimos del mar"⁵. A familia Solabarrieta é familia de salgadoiros en Marín con fábricas de salgaduras, barcos e aparellos de pesca tamén en Bueu:

"- No linde oeste da praia de Pescadoira correspóndese coa vivenda-almacén da familia Agulla Salabarrieta. Neste lugar desenvolveuse unha actividade salgadora digna de ter en conta en canto o volume de capital empresarial acumulado nos

¹ Tamén emparentadas coa Casa de Agulla de Pontevedra, que era unha dos catro liñaxes (cos Aldao, Puentes e Gago) que podían nomear alcaldes da vila de Pontevedra.

² En 1652 noméase a Luís, e en 1668 a Juan Agulla como mordomo da Fábrica de S. Martín de Bueu..

³ Matías avó e Miguel pai de Josefa Agulla Solabarrieta.

⁴ Escribán Manuel Orge Ruíz, Arquivo Histórico Provincial. Sec. Protocolos. Ca-3522. Ano 1821, f. 72.

⁵ Tributo, en función da pesca, que se pagaba á igrexa ou ás distintas Confrarías.

anos que esta permaneceu baixo a súa xestión¹.

- A familia Agulla-Solabarrieta, no ano 1847, adquire a propiedade de Acoradouro (Praia da parroquia de Beluso)² co fin de asentir alí unha nova instalación.³

Na figura de D. Manuel Antonio de la Rúa Cadavid, e sobre todo coa experiencia e capital da súa muller, manifestase o que paseniñamente se daba a finais do XVIII e principios do XIX, como é o transvase do control económico-social dos donos tradicionais da terra (nobreza-clero,...) cara as mans dos homes do mar.

Manuel Simón de la Rúa Agulla

Manuel Simón de la Rúa Agulla (fillo de Manuel Antonio de la Rúa e Josefa Agulla Solabarrieta). Estudou en Santiago de Compostela⁴. Nun principio dedicouse á industria familiar da salgadura para rematar como comerciante (Tamén foi recadador de arbitrios municipais e xuíz municipal de Bueu entre 1872-1879).

Casou coa súa curmán, Julia Lucia Agulla Vieta⁵, da que tivo 8 fillos (Manuel de la Rúa, Julia, Ramón, Teresa, Josefa Carmen Sofía⁶, Isidro, Joaquin Vicente Manuel Julio e Josefa Amelia). Falecida dona Julia Lucia (1886) no pazo de Ouril, onde vivían, os seus fillos Manuel⁷, que era o primoxénito, e Ramón emigraron a América⁸ reclamando máis tarde a outros irmáns.

Anos máis tarde, D. Manuel Simón de la Rúa, vense a vivir ó lugar de Pescadoira (Bueu) e casa en segundas nupcias con Dolores Barreiro Mundin da que tivo 7 fillos, sendo Dolores, Modesta e José María os últimos membros da familia que viviron en Bueu.

Pola mesma rama de Don Fernando de La Rúa, é de significar a Dña. Carmen de la Rúa Catani lembrada en Bueu como benefactora polas súas doazóns que fixeron posible o poboado de mariñeiros e a capela-escola de San Xosé.

Lembrar que como única persoa de Bueu que ten algunha relación de parentesco con Don Fernando de la Rúa Bruno é Dña Adelaida Barreiro Budiño que vive na Ruanova, parroquia de Beluso.

Censo de Población del concello de Bueu (1887)
onde figuran 15 emigrantes da casa de Manuel Simón de la Rúa

Manuel de la Rúa

Sinatura de Manuel Simón de la

¹ A derradeira xestión, en réxime de alugamento, desta fábrica correu a cargo da familia de Manuel Zamorano.

² A.H.P. Secc. Protocolos. Escr. Manuel Francisco Rodal. Sig. Ca-3572 (2)

³ *A industria da pesca salgada. Os portos de Bueu e Beluso* de Arturo Sánchez, Xosé Manuel Cerviño e Xosé Luís F. Aldegunde. Xunta de Galicia, 1998. Páx. 89 e 93.

⁴ Desta época de adolescente en Santiago conserva a súa familia na Arxentina un poema manuscrito titulado: "Últimas palabras de un suicida".

⁵ Procedente tamén dunha familia de industriais salazoeiros afincada en Marín.

⁶ Casada con Antonio Nores, sen descendencia, porfillan a Carmen (irmá maior de D. Antonio de la Rúa) que é a última dona, da familia De la Rúa, do Pazo de Ouril.

⁷ Avó do Intendente D. Fernando de la Rúa.

⁸ Acompañados polo seu pai ata Uruguai desde onde se desprazaron a un pobo do Dpto. de Santiago de Frías onde vivía un tío. Alí casaron con dúas irmás. Ambos foron prósperos homes de negocios, Ramón era distribuidor comerciante por xunto e Manuel, xa en Córdoba, tiñas importantes tendas de talabartería.

DON FERNANDO DE LA RÚA

FILLO ADOPTIVO DE BUEU

O Pleno do Concello de Bueu, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de decembro de 1998 adoptou, entre outros, o acordo de:

NOMEAMENTO FILLO ADOPTIVO DO DR. FERNANDO DE LA RÚA

Anteriormente á votación deuse lectura ós Antecedentes do expediente incoado no que se reflectía unha breve reseña dos seus datos biográficos, a súa vinculación con Bueu, a vinculación persoal coa súa orixe galega,...

Na Proposta de Nomeamento infórmase das xestións realizadas pola alcaldía de Bueu ante D. Fernando de la Rúa, someténdolle a este a consideración da posibilidade do seu nomeamento o que con data de dezaseis de novembro, envía misiva do que o seu tenor literal di:

*"Bos Aires, novembro de 1998.- Estimado colega: teño o agrado de dirixirme a Vostede có motivo de agradecerlle moi especialmente o interese da Corporación Municipal de Bueu de nomearme **Fillo Adoptivo da vila. Síntome moi honrado pola distinguida designación que acepto con particular pracer. Afondar na historia dos meus ascendentes e nos feitos que motivaron a mesma faime sentir máis unido a miñas raíces e á Vila de Bueu, que se remonta ó século XVII. Actos como este permítenos afianza-las relacións existentes e lograr obxectivos comúns que aspiraron os nosos antecesores. Fago propicia la oportunidade para facerlle chegar un cordial saúdos e meus votos de felicidade e prosperidade para Vostede e os habitantes de Bueu. Dr. Fernando de la Rúa, Xefe de Goberno da Cidade de Bos Aires".***

Na mesma sesión de Nomeamento séguese:

"Así pois, ó abeiro do vixente Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Bueu, veño a someter á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- O Nomeamento de D. Fernando de la Rúa como Fillo Adoptivo de Bueu

2º.- Preve-las xestións necesarias para o outorgamento da distinción de acordo co disposto no artigo 13, isto é a preparación dun diploma de 30 x 40 e mailo escudo insignia en miniatura do Concello.



D. Fernando de la Rúa visto polo humorista bueuense Luís Davila.

En reunión de 30 de novembro, a Comisión informativa de Cultura e Deportes emite o seguinte dictame:

"Examinado o expediente instruído a instancia de oficio mediante proposta presentada pola Alcaldía-Presidencia ó abeiro do artigo 8 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Bueu para o nomeamento do Intendente de Bos Aires, Excmo. Sr. Dr. Fernando de la Rúa como Fillo Adoptivo da Vila de Bueu, a Comisión informa favorablemente e de xeito unánime a mesma e faina súa en tódolos termos en que vai exposta, agardando proximamente facer entrega do mesmo de conformidade co preceptuado nos artigos 11 e 12 do citado Regulamento".

VOTACIÓN E ACORDO:

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, vistos os antecedentes indicados, de conformidade co dictame emitido pola Comisión Informativa de Cultura e en virtude do previsto no Regulamento Municipal de Honras e Distincións, acorda:

PRIMEIRO.-

Nomear fillo adoptivo de Bueu a **D. Fernando de la Rúa**, Intendente Xeneral da cidade de Bos Aires.

SEGUNDO.-

Preve-las xestións necesarias para o outorgamento da distinción de acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento Municipal de Honras.

E para que así conste, expido o presente, visado polo Sr. Alcalde, coa salvedade a que se refire o art. 27.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, na Consistorial de Bueu, a oito de Xaneiro de mil novecentos noventa e nove.



D. Fernando de la Rúa con data de 13 de maio de 1999, ó non poder facelo persoalmente, remite "**Medalla al Reconocimiento de la Ciudad de Buenos Aires**"¹ nun recoñecemento ó Sr. Alcalde Xosé Novas, a toda a Corporación Municipal e os veciños de Bueu.

Queremos facer de todos nos a verbas do concello² na que se glosa a figura de D. Fernando de La Rúa:

"...recoñécese nel unha traxectoria persoal e de adicación á vida pública meritoria que o leva a ostenta-lo goberno dunha das cidades máis importantes e emblemáticas do mundo, cal é a cidade de Bos Aires, directamente e por primeira vez na súa historia, por vontade popular e que a bo seguro non rematará aquí, pois é un firme candidato á Presidencia da República Argentina."

¹ Medalla ós persoeiros e visitantes ilustres recibida, entre outros, polo rei Juan Carlos I, príncipe Felipe, D. Manuel Fraga, Chirac, Nelson Mandela...

² Na proposta de nomeamento de Fillo Adoptivo

ÁLBUM DE FOTOGRAFÍAS¹



¹ Miscelânea de fotos de webs dos xornais e revistas arxentinas: *La Nación*, *Gente*,...